

# ÍNDICE DOS ESTATUTOS SOCIAIS DE MELISANTO SOCIEDADE COOP. GALEGA

## CAPÍTULO I

### **DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO, ACTIVIDADE E DURACIÓN.**

ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

ARTIGO 2.- DOMICILIO SOCIAL

ARTIGO 3.- ÁMBITO TERRITORIAL

ARTIGO 4.- OBXECTO SOCIAL

ARTIGO 5.- DURACIÓN

ARTIGO 6.- OPERACIÓNS CON TERCEIROS

## CAPÍTULO II

### **DOS SOCIOS**

ARTIGO 7.- PERSOAS QUE PODEN SER SOCIOS

ARTIGO 8.- ADMISIÓN EN CALIDADE DE SOCIO

ARTIGO 9.- PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

ARTIGO 10.- DEREITOS DOS SOCIOS

ARTIGO 11.- OBRIGAS DOS SOCIOS

ARTIGO 12.- BAIXA DO SOCIO

ARTIGO 13.- NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL E  
PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 14.- EXPULSIÓN

ARTIGO 15.- SOCIOS A PROBA

ARTIGO 16.- SOCIOS EXCEDENTES

ARTIGO 17.- SOCIOS COLABORADORES

## CAPÍTULO III

### DOS ÓRGANOS SOCIAIS

#### SECCIÓN I

##### **Da Asemblea Xeral**

ARTIGO 18.- COMPOSICIÓN E CLASES

ARTIGO 19.- COMPETENCIAS

ARTIGO 20.- CONVOCATORIA

ARTIGO 21.- FORMA DA CONVOCATORIA

ARTIGO 22.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMIENTO

ARTIGO 23.- DEREITO DE VOTO

ARTIGO 24.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

ARTIGO 25.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL

#### SECCIÓN II

##### **Do Consello Reitor**

ARTIGO 26.- NATUREZA E COMPETENCIAS

ARTIGO 27.- COMPOSICIÓN

ARTIGO 28.- ELECCIÓN

ARTIGO 29.- DURACIÓN, CESAMENTO E VACANTES

ARTIGO 30.- FUNCIONAMENTO DO CONSELLO REITOR

ARTIGO 31.- REMUNERACIÓN

ARTIGO 32.- INCAPACIDADES E INCOMPATIBILIDADES

ARTIGO 33.- RESPONSABILIDADE DOS MEMBROS  
DO CONSELLO REITOR

ARTIGO 34.- ACCIÓNS DE RESPONSABILIDADE

ARTIGO 35.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS  
DO CONSELLO REITOR

### **SECCIÓN III**

#### **Dos interventores e auditoría externa**

ARTIGO 36.- NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN

ARTIGO 37.- FUNCIÓNS DOS INTERVENTORES

ARTIGO 38.- AUDITORÍA EXTERNA

### **CAPÍTULO IV**

#### **DO RÉXIME ECONÓMICO**

ARTIGO 39.- CAPITAL SOCIAL

ARTIGO 40.- CAPITAL SOCIAL MÍNIMO

ARTIGO 41.- ACHEGAS OBRIGATORIAS

ARTIGO 42.- FONDO OPERATIVO

ARTIGO 43.- ACHEGAS VOLUNTARIAS

ARTIGO 44.- TRANSMISIÓN DAS ACHEGAS

ARTIGO 45.- REEMBOLSO DAS ACHEGAS

ARTIGO 46.- FINANCIAMENTOS QUE NON  
INTEGRAN O CAPITAL SOCIAL

ARTIGO 47.- DETERMINACIÓN DOS RESULTADOS DO EXERCICIO

ARTIGO 48.- DISTRIBUCIÓN DE EXCEDENTES NETOS.  
O RETORNO COOPERATIVO

ARTIGO 49.- FONDOS SOCIAIS OBRIGATORIOS

ARTIGO 50.- IMPUTACIÓN DE PERDAS

ARTIGO 51.- EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS

## **CAPÍTULO V**

### **DOCUMENTACIÓN SOCIAL E CONTABILIDADE**

ARTIGO 52.- DOCUMENTACIÓN SOCIAL

ARTIGO 53.- CONTABILIDADE

## **CAPÍTULO VI**

### **DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

ARTIGO 54.- CAUSAS DE DISOLUCIÓN

ARTIGO 55.- LIQUIDACIÓN

## CAPÍTULO I

### **DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO, ACTIVIDADE E DURACIÓN.**

#### **ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL**

A Sociedade Cooperativa MELISANTO, S. COOP. GALEGA, é unha sociedade cooperativa agraria de primeiro grao dotada de plena personalidade xurídica, suxeita ás disposicións recollidas na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

Así mesmo, os presentes estatutos, por acordo da Asemblea Xeral con data 29 de maio de 1993, adáptanse ao disposto no R(CE) n° 952/97 do Consello do 20 de maio, e RD 280/1988, do 18 de marzo, e demais disposicións que a contemplan e desenvolven, dado que a entidade acordou solicitar a cualificación como Agrupación de Produtores Agrarios.

Así mesmo, os presentes estatutos, por acordo da Asemblea Xeral con data 21 de xuño de 2008, adáptanse ao Real decreto 1880/96, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras, Decreto 91/2001, do 19 de abril, da Xunta de Galicia, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria en Galicia, Decreto 245/2002, do 24 de xullo, da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 91/2001, e demais lexislación vixente, xa que solicitará o recoñecemento como agrupación de defensa sanitaria gandeira. O funcionamento da entidade como agrupación de defensa sanitaria gandeira complementarase mediante un regulamento específico interno naqueles aspectos non recollidos nos presentes estatutos.

Así mesmo, os presentes estatutos, por acordo da Asemblea Xeral con data 21 de xuño de 2008, adáptanse ao disposto na Orde do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios, e demais disposicións que a contemplan e desenvolven, dado que a entidade acordou solicitar o recoñecemento como Agrupación de Producción Integrada (APRIA).

Así mesmo, os presentes estatutos, por acordo da Asemblea Xeral con data 21 de xuño de 2008, adáptanse ao disposto no Regulamento (CE) n° 2200/96, do Consello de 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados no sector de froitas e hortalizas, e a Orde de 30 de abril de 1997 sobre recoñecemento de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH).

Así mesmo, os presentes estatutos, por acordo da Asemblea Xeral con data 22 de decembro

de 2007, adáptanse ao Decreto 235/2007, do 29 de novembro, da Xunta de Galicia, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias, para os efectos do disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005.

## **ARTIGO 2.- DOMICILIO SOCIAL**

1.- O domicilio social da cooperativa establécese en Agüeiros-Furelos, no Concello de Melide, provincia da Coruña.

2.- O domicilio social poderá ser trasladado dentro do mesmo termo municipal por acordo do Consello Reitor, en cuxo caso o acordo de cambio de domicilio social deberá formalizarse en certificación do acordo coas sinaturas do secretario e presidente do Consello Reitor lexitimadas perante notario ou autenticadas polo Rexistro de Cooperativas. Con carácter previo á súa inscrición no Rexistro de Cooperativas, o devandito acordo deberá comunicarse formalmente aos socios e publicarse nun dos xornais de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa e no Diario Oficial de Galicia.

3.- Cando o cambio de domicilio social se realizara fóra do termo municipal, o acordo de modificación dos estatutos será tomado pola Asemblea Xeral, debendo formalizarse en escritura pública, que se inscribirá no Rexistro de Cooperativas nun prazo de tres meses.

## **ARTIGO 3.- ÁMBITO TERRITORIAL**

O ámbito territorial da cooperativa dentro do cal han de estar situadas as explotacións agrarias dos socios é o correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia.

## **ARTIGO 4.- OBXECTO SOCIAL**

A cooperativa terá por obxecto a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ao mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos ou compoñentes e da cooperativa, e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural, así como atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con estas.

1.- En concreto, sen carácter de exclusividade, as actividades que para o cumprimento do seu obxecto social desenvolverá a cooperativa son:

- a) A comercialización, coas transformacións que tiveran lugar, dos produtos procedentes das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais dos socios, e particularmente o leite de vaca.

Para os efectos da cualificación como APA, será obxecto de comercialización o leite de vaca. A cooperativa, de ser cualificada como APA, realizará a comercialización

en común a través da APA, da totalidade dos produtos dos seus socios que son obxecto de cualificación, debidamente acondicionados e conservados para mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias de mercado. Fixaranse as normas máis convenientes de produción e comercialización: as devanditas normas estableceranse no programa de actuación no que se expresará, ademais, a forma de posta no mercado das producións.

b) Adquisición por calquera título de animais, materias primas, instrumentos, maquinaria, fertilizantes, plantas, sementes, pesticidas e praguicidas, pensos compostos, así como a súa elaboración, e demais elementos para a produción e fomento agrario, así como instalacións relacionadas coa agricultura, a gandaría e os bosques, tales como muíños, adegas, fábricas de transformación, conservación e elaboración de produtos.

c) Conservar, producir, transformar, distribuír, transportar e vender, en mercados interiores e exteriores, produtos que proveñan das explotacións agrícolas, gandeiras, forestais ou pecuarias da cooperativa ou dos seus socios, en estado natural ou transformados, coas instalacións necesarias.

d) Prestación de servizos relacionados coa actividade económica aos socios da cooperativa.

e) Calquera outra actividade que sexa necesaria, conveniente ou facilite o melloramento económico, técnico, laboral ou ecolóxico da cooperativa ou das explotacións dos socios.

f) A cooperativa poderá, con carácter accesorio e subordinado, procurar bens e servizos para o consumo dos seus socios e dos familiares que con eles convivan, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiros, até o límite establecido no apartado cuarto do artigo III da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

g) Distribución polo miúdo de produtos petrolíferos aos socios ou terceiros segundo os límites previstos nestes estatutos.

h) Prestacións de servizos de axencia de seguros para os socios.

i) Desenvolver e promover a actividade dunha Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) para a elevación do nivel sanitario-zootécnico das explotacións gandeiras, mediante o establecemento e execución de programas de profilaxe, loita contra as enfermidades animais e mellora das súas condicións hixiénicas, que permitan mellorar o nivel produtivo e sanitario dos seus produtos, estimulando a implicación dos propios gandeiros galegos en conseguir mellorar o estatus sanitario das súas explotacións.

Por iso será obxecto de especial atención e promoción:

-A defensa sanitaria contra todas as epizootias do gando vacún, de tal maneira que permita alcanzar os niveis sanitarios establecidos para declarar a zona de actuación como área exenta de epizootias.

-A produción e implantación nos concellos, antes mencionados, de programas de defensa sanitaria e medidas preventivas tendentes á erradicación das epizootias do gando vacún en coordinación cos servizos oficiais de sanidade animal.

- Promover e implantar entre as explotacións integrantes da ADSG a colaboración con outras agrupacións de defensa sanitaria para a implantación de programas máis amplos de loita contra as epizootias.

- Mellorar as condicións hixiénicas e ambientais das explotacións de gando vacún dedicando especial atención á eliminación dos cadáveres e o tratamento dos residuos e dos xurros producidos na explotación.

- Elevar o nivel sanitario-zoosanitario das explotacións dos seus socios mediante o establecemento e execución de programas de profilaxe, loita contra as enfermidades animais e avance das condicións hixiénicas, que permitan mellorar o nivel produtivo e sanitario dos seus produtos.

j) A Agrupación de Producción Integrada (APRIA) recoñecida ten por obxecto obter produtos agrarios baixo os requisitos de produción integrada para seren comercializados.

k) Para os efectos da cualificación como OPFH (Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas), será obxecto de comercialización as froitas e hortalizas. A cooperativa, de ser cualificada como OPFH, terá por obxecto:

- Asegurar a programación da produción e a súa adaptación á demanda, especialmente no que respecta á cantidade e á calidade.
- Fomentar a concentración da oferta e a posta no mercado da produción dos membros da OPFH.
- Reducir os custos de produción e regularizar os prezos da produción.
- Fomentar prácticas de cultivo e técnicas de produción e de xestión dos residuos respectuosas co medio natural, en especial para protexer a calidade das augas, do solo e da paisaxe e para preservar e/ou potenciar a biodiversidade.
- Fixar as normas máis convenientes de produción e comercialización: as devanditas normas estableceranse no programa de actuación no que se expresará, ademais, a forma de posta no mercado das producións.

l) Prestación do servizo de aconsellamento ás explotacións agrarias, que consiste no conxunto de actuacións levadas a cabo nos ámbitos descritos no artigo 3º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias; o aconsellamento comprenderá a diagnose, seguimento, avaliación e proposta e execución de melloras, polo menos, nos seguintes ámbitos:

- Requisitos legais de xestión, relativos á saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal, ambiente e benestar dos animais, aos que se refire o artigo 4 e o anexo III do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.
- Boas condicións agrarias ambientais, ás que se refire o artigo 5 e o anexo IV do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, regulados no Real decreto 2352/2004.
- Normas relativas á seguridade laboral baseada na lexislación comunitaria.
- No caso de agricultores/as mozos/as, as relacionadas co inicio da súa actividade.
- Información correspondente ás medidas de acción positiva desde a vertente de xénero.

Así mesmo, o aconsellamento poderá estenderse a outras materias co fin de prestar un aconsellamento integral, incluído, se é o caso, o relativo á posta en marcha do Contrato de Explotación Sustentable (CES).

m) Prestación de servizos de xestión ás explotacións agrarias nalgúns dos ámbitos previstos no artigo 5º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias, nos seguintes ámbitos:

- Xestión dos datos produtivos e reprodutivos das explotacións.
- Xestión da agricultura sustentable das explotacións.
- Actuacións de xestión técnica, de carácter específico, no ámbito da xestión zootécnica e agronómica para as diferentes orientacións produtivas.

n) Prestación de servizos de substitución para os socios nos termos que se especifiquen no regulamento de réxime interno.

## **ARTIGO 5.- DURACIÓN**

A Sociedade Cooperativa constitúese por tempo indefinido.

## **ARTIGO 6.- OPERACIÓNS CON TERCEIROS**

1.-A cooperativa poderá realizar operacións con terceiros non socios, dentro das actividades económicas comprendidas no artigo cuarto destes estatutos, até un límite máximo do 50 por 100 do total das realizadas polos socios para cada tipo de actividade desenvolvida por ela, aínda que deberá reflectir esta circunstancia na súa contabilidade de forma separada e independente e de maneira clara e inequívoca, sen prexuízo da contabilidade xeral da cooperativa.

Dos beneficios obtidos por estas operacións imputarase un 50 por 100 ao Fondo de Reserva Obrigatorio, e o resto destinarase conforme acorde a Asemblea Xeral en cada exercicio económico.

2.-A cooperativa poderá subscribir con outras da mesma clase os acordos intercooperativos que correspondan para o cumprimento do seu obxecto social. En virtude destes acordos, a cooperativa e os seus socios poderán realizar operacións de subministración, entrega de produtos ou servizos na outra cooperativa; tales feitos terán a mesma consideración que as operacións cooperativizadas desenvolvidas cos propios socios, e non como terceiros.

## CAPÍTULO II

### **DOS SOCIOS**

#### **ARTIGO 7.- PERSOAS QUE PODEN SER SOCIOS**

Poden ser socios da cooperativa as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e as comunidades de bens titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Tamén poderá ser socio da cooperativa a compañía familiar galega, constituída formalmente e debidamente documentada, configurada como unidade económica única, considerada como socio único, de conformidade co establecido na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

#### **ARTIGO 8.- ADMISIÓN EN CALIDADE DE SOCIO**

Para ser admitido na condición de socio será necesario:

- a) Ser admitido como socio.
- b) Subscribir a achega obrigatoria mínima ao capital social e desembolsala no momento da inscrición, dando un tempo de trinta días naturais para facer o ingreso a partir da data do seu anuncio ao socio.
- c) Desembolsar a cota de ingreso que estableza a Asemblea Xeral.
- d) Subscribir o compromiso de non se dar de baixa sen xusta causa que cualifique a esta de xustificada, até que transcorrese desde a súa admisión o prazo de 5 anos.
- e) Os interesados ao integrarse na Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) deberán formular declaración expresa da súa adhesión a esta.
- f) O socio que solicite a admisión na Agrupación de Produción Integrada (APRIA) comprométese a permanecer nela por un período mínimo de cinco anos.
- g) Para os integrantes da Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH) comprométese subscribir o compromiso de adhesión á organización

durante un período mínimo de tres anos.

## **ARTIGO 9.- PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN**

1.- A solicitude de admisión realizarase por escrito dirixido ao Consello Reitor da Cooperativa, que deberá resolver de forma motivada nun prazo non superior a dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción daquela. A resolución comunicarase ao solicitante e publicarase no taboleiro de anuncios da cooperativa.

Transcorrido o prazo de dous meses mencionado sen resolución expresa, a solicitude entenderase denegada.

2.- Contra a denegación de admisión o solicitante poderá recorrer no prazo dun mes, a contar desde a comunicación ou do remate do prazo que o Consello Reitor dispón para resolver, diante da Asemblea Xeral, que resolverá na primeira que se celebre con audiencia previa do interesado mediante votación secreta.

3.- O acordo de admisión tamén poderá ser impugnado por socios que representen como mínimo o dez por cento do total da cooperativa, no prazo de 10 días a contar desde a publicación do acordo de admisión no taboleiro de anuncios da Sociedade, diante da Asemblea Xeral, que resolverá o recurso na primeira que se celebre previa audiencia do interesado mediante votación secreta.

Até que transcorra o prazo para recorrer ou resolva a Asemblea Xeral sobre o recurso interposto, a admisión quedará en suspenso.

4.- A APA estará aberta á entrada de novos socios. Se por causas xustificadas non fose posible no momento da solicitude, o ingreso de novos socios farase por rigorosa orde baseándose nas baixas producidas e á ampliación das instalacións e servizos no caso de que o número de solicitudes así o aconselle.

5.- A Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) estará aberta á entrada de novos socios pertencentes ao ámbito territorial no que actúa a ADSG, que así o soliciten, aos cales se lles garantirá a incorporación á ADSG e a mesma prestación de servizos, sempre que cumpran o establecido nestes estatutos.

6.- A Agrupación de Producción Integrada (APRIA) estará aberta á entrada de novos socios. Se, por causas xustificadas, non fose posible no momento da solicitude, o ingreso de novos socios farase por rigorosa orde e tamén atendendo á ampliación das instalacións e servizos no caso de que o número de solicitudes así o aconsellen.

7.- A Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH) estará aberta á entrada de novos socios. Se por causas xustificadas non fose posible no momento da solicitude, o ingreso de novos socios farase por rigorosa orde baseándose nas baixas producidas, e á ampliación das instalacións e servizos no caso de que o número de solicitudes así o aconselle.

## **ARTIGO 10.- DEREITOS DOS SOCIOS**

Os socios da cooperativa teñen os seguintes dereitos:

- a) Ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais da Sociedade.
- b) Presentar propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais de que sexa membro.
- c) A participar na actividade da cooperativa para o cumprimento do seu fin social sen ningunha discriminación.
- d) A recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- e) A percibir, se é o caso, o retorno cooperativo.
- f) Á actualización e devolución das achegas ao capital social, así como a percibir, se é o caso, xuros por estas.
- g) Ao dereito de información nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- h) A todos os demais dereitos establecidos nas leis, nestes estatutos sociais ou polos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

## **ARTIGO 11.- OBRIGAS DOS SOCIOS**

Os socios teñen as seguintes obrigas:

- a) Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para os que fose convocado.
- b) Participar na actividade cooperativizada que desenvolve o obxecto social da cooperativa, na seguinte contía mínima obrigatoria:
  - 1.- Achegar para a súa comercialización e transformación, se é o caso, do cen por cen das producións obtidas na explotación do socio.
  - 2.- Adquisición da totalidade dos produtos e servizos que necesiten para as súas explotacións que subministre ou preste a cooperativa.

Todo iso segundo o obxecto social e as actividades que desenvolva a cooperativa e, se é o caso, segundo as normas complementarias que se establezan para o efecto para cada tipo de actividade.

O Consello Reitor cando exista xusta causa, poderá liberar temporalmente destas obrigas ao socio que o solicite, en todo ou parte, segundo as circunstancias que concorran.

O compromiso mínimo dos socios que unicamente participen na actividade da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) limitarase ao previsto no apartado i) deste artigo, quedando exceptuados do cumprimento do previsto nos números 1 e 2 anteriores.

c) Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa agás autorización expresa do Consello Reitor. Quedan excluídos do cumprimento deste requisito aqueles socios que estean dados de alta na cooperativa, exclusivamente na actividade da ADSG.

d) Gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa cuxa divulgación poida prexudicar os intereses desta.

e) Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións establecidas nos presentes estatutos. Así como desembolsar as cotas de ingreso acordadas, se é o pola Asemblea Xeral.

f) Participar nas actividades de formación.

g) Aceptar os cargos para os que foran elixidos, agás xusta causa de escusa.

h) Os socios integrantes da Agrupación de Produtores Agrarios (APA) deberán:

1.- Observar as normas de produción e comercialización establecidas pola APA, a fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.

2.- Someterse para a aplicación das devanditas normas aos controis técnicos organizados pola entidade e facilitar as informacións solicitadas pola organización en materia de producións e dispoñibilidades.

3.- Satisfacer as sancións previstas nos estatutos, no caso de oposición aos controis ou non observancia das devanditas normas.

4.- No suposto que os socios pertencentes á APA sexan persoas xurídicas, deberán prever nos seus estatutos a obriga para os seus membros de cumprir as normas de produción e posta en mercado previstas pola APA, o máis tardar a partir da data da súa adhesión, no caso de que esta sexa posterior ao recoñecemento.

i) Os socios integrantes da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) deberán:

1.-Cumprir coa execución do programa sanitario propio da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira.

2.-Observar as normas de establecemento e execución de programas de profilaxe, loita contra as enfermidades animais e mellora das condicións hixiénicas, que permitan mellorar o nivel sanitario-zoosanitario das explotacións integrantes da ADSG.

3.-Someterse para a aplicación das devandita normas aos controis técnicos organizados pola ADSG e facilitar as informacións solicitadas pola ADSG en materia sanitaria e bioseguridade.

4.-Participación activa nas actuacións de formación previstas no programa sanitario da ADSG.

j) Os socios integrados na Agrupación de Producción Integrada (APRIA) deberán cumprir as instrucións técnicas que os servizos técnicos poidan establecer de acordo coa normativa vixente. Estas instrucións técnicas, salvo xustificación expresa, deberán de ser únicas para todos os asociados á APRIA.

k) Para os socios integrantes da Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH), ademais as seguintes obrigas:

1.-Someterse aos controis técnicos organizados pola entidade e facilitar as informacións solicitadas por esta en materia de producións e disponibilidades.

2.-Aplicar regras adoptadas pola organización de produtores en materia de coñecemento da produción, de comercialización e de protección do medio natural, contidas no programa de actuación.

3.-Estar afiliados, con respecto da categoría de produtos dunha explotación dada, a unha soa organización de produtores.

4.-Vender a totalidade de produción a través da organización de produtores.

5.-Facilitar os datos que solicite para fins estatísticos a Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH) relacionados principalmente coas superficies, as colleitas, os rendementos e as vendas directas.

6.-Aboar as contribucións financeiras previstas polos estatutos para a constitución do Fondo Operativo.

7.-Satisfacer as sancións previstas nos estatutos, no caso de oposición aos controis ou non observancia das devanditas normas.

l) Cumprir con calquera outro deber legal ou estatutario, así como cos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

## **ARTIGO 12.- BAIXA DO SOCIO**

1.- O socio poderá darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante aviso previo por escrito ao Consello Reitor, que deberá realizarse cunha antelación de tres meses.

Para os socios integrados na APA, o aviso previo deberá realizarse con doce meses de antelación.

Para os socios integrados na Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH), o aviso previo deberá realizarse con doce meses de antelación.

O incumprimento do prazo de aviso previo dará lugar á correspondente indemnización de danos e perdas, e entenderase producida a baixa para os efectos do cómputo do prazo para o reembolso ao socio da súa achega ao capital social, ao remate do prazo do aviso previo.

2.- Se a baixa entrañase o incumprimento do prazo de permanencia de 5 anos establecido no artigo 8, letra d, destes estatutos, sen xusta causa que cualifique esta de xustificada, a cooperativa poderá esixir ao socio participar nos termos nos que vén obrigado por estes estatutos, até o final do período comprometido nas actividades ou servizos cooperativizados ou, no seu defecto, a esixirlle a correspondente indemnización de danos e perdas.

3.- Cesará obrigatoriamente o socio que perda os requisitos esixidos para adquirir a devandita condición.

A baixa obrigatoria será acordada polo Consello Reitor de oficio ou a petición de calquera socio ou do interesado, previa audiencia deste.

4.- Os acordos do Consello Reitor sobre a cualificación e efectos da baixa do socio poderán ser impugnados diante da xurisdición ordinaria, podendo ser recorridos previamente diante da Asemblea Xeral no prazo máximo de dous meses desde a notificación do acordo.

## **ARTIGO 13.- NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL E PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

1.- As faltas cometidas polos socios, atendendo á súa importancia, transcendencia ou malicia, clasifícanse en moi graves, graves e leves. As moi graves e graves son as tipificadas nos presentes estatutos. As faltas leves, ademais das recollidas nos estatutos, poderán ser tipificadas tamén polo Regulamento de Réxime Interno ou por acordo da Asemblea Xeral.

Son faltas moi graves:

- a) As operacións de competencia, a fraude nas achegas ao capital social, así como a manifesta desconsideración cos membros dos órganos sociais ou cos socios, que prexudique os intereses materiais e sociais ou o prestixio da cooperativa.
- b) A falsificación de documentos, sinaturas, cuños, selos, marcas, claves ou análogos.
- c) A non participación na actividade cooperativizada na contía mínima establecida nos presentes estatutos.
- d) Violar segredos da cooperativa que prexudiquen ou poidan prexudicar gravemente os intereses desta.
- e) A usurpación de funcións do Consello Reitor, de calquera dos seus membros, dos directivos e empregados ou dos interventores.
- f) O incumprimento das obrigas económicas coa cooperativa, incluíndo a falta de pagamento das achegas obrigatorias ao capital social.
- g) Prevalecer a condición de socio para desenvolver actividades contrarias ás leis.
- h) Ter sido sancionado durante os últimos cinco anos por dúas faltas graves.
- i) O incumprimento por parte do socio incorporado á APA de vender por medio dela o conxunto da súa produción para os produtos para os que se asociara.
- j) Para os socios da APA considerárase falta moi grave, o incumprimento das normas referentes ás obrigas sociais e/ou ao programa de actuación.
- k) Para os integrantes da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) considérase falta moi grave o incumprimento das normas referentes ás obrigas establecidas no programa sanitario propio da ADSG.
- l) Para os socios da Agrupación de Producción Integrada (APRIA), considerárase falta moi grave o incumprimento das normas referentes ás obrigas das instrucións técnicas específicas da produción integrada segundo a normativa vixente.
- m) O incumprimento por parte do socio incorporado á OPFH, de vender por medio dela o conxunto da súa produción para os produtos para os que se asociou.
- n) Para os socios da OPFH considerárase falta moi grave, o incumprimento das normas referentes ás obrigas sociais e/ou o programa de actuación.

Son faltas graves:

- a) A ausencia inxustificada ás asembleas xerais debida e validamente convocadas, cando o socio fose sancionado dúas veces por falta leve por non asistir ás reunións do devandito órgano social nos últimos cinco anos. Así mesmo a non asistencia dos membros de calquera dos restantes órganos sociais da cooperativa, cos mesmos requisitos ca no caso anterior.
- b) A ausencia inxustificada ás reunións dos órganos sociais, debidamente convocadas, para as que fose convocado aínda que non forme parte destes, cando o socio fose sancionado dúas veces por falta leve por non acudir ás devanditas convocatorias.
- c) Os malos tratos de palabra ou de obra aos membros de calquera órgano social, a outros socios ou a directivos e empregados da Sociedade.
- d) Non aceptar ou renunciar, sen xusta causa, os cargos para os que fose elixido pola Asemblea Xeral.
- e) Ter sido sancionado por tres faltas leves durante os últimos cinco anos.

Son faltas leves:

- a) A falta de asistencia non xustificada ás reunións validamente convocadas da Asemblea Xeral.
- b) A falta de asistencia non xustificada ás reunións dos órganos sociais para os que fose debidamente convocado, aínda que non forme parte destes.
- c) A ausencia inxustificada dos membros dos órganos sociais a aquelas reunións debidamente convocadas dos que forme parte.
- d) A falta de notificación ao Consello Reitor do cambio de domicilio do socio, dentro dos dous meses seguintes desde que tal circunstancia se produza.
- e) Non observar por dúas veces, como máximo, dentro dun semestre, as instrucións ditadas polos órganos competentes para a boa orde e desenvolvemento das operacións e actividades da cooperativa.

2.- As infraccións reflectidas no número anterior prescribirán, se son leves ao mes, se son graves aos dous meses e se son moi graves aos tres meses, desde que o Consello Reitor tivo coñecemento da comisión destas. En todo caso prescribirán aos doce meses da data da súa comisión.

A prescrición das faltas interromperase pola incoación do procedemento sancionador, pero só no caso de que neste recaese resolución e fose notificada no prazo de tres meses desde a súa iniciación.

3.- As sancións que se poderán impoñer aos socios pola comisión de faltas son:

a) Por faltas moi graves, excepto no caso do apartado l): multa de 401,00 euros a 700,00 euros, suspensión ao socio dos seus dereitos ou expulsión.

No caso dos socios da APRIA, a falta moi grave descrita no apartado l) levará consigo a suspensión dos dereitos inherentes á APRIA.

b) Polas faltas graves: multa de 201,00 euros a 400,00 euros, ou suspensión ao socio dos seus dereitos.

c) Polas faltas leves: amoestación verbal ou escrita ou multa de 50,00 euros a 200,00 euros.

4.- A facultade de sancionar é competencia indelegable do Consello Reitor mediante expediente instruído para o efecto e audiencia do interesado, que formalizará as súas alegacións por escrito.

Nos supostos de sanción, e sen prexuízo do seu carácter executivo, o socio poderá recorrer no prazo de trinta días desde a súa notificación diante da Asemblea Xeral.

O recurso diante da Asemblea Xeral deberá incluírse como primeiro punto da orde do día da primeira que se realice e resolverase mediante votación secreta con audiencia previa do interesado, podendo formalizarse esta mediante as súas alegacións por escrito.

O acordo de sanción ou, se é o caso, a ratificación deste, poderá ser impugnado no prazo de dous meses desde a súa notificación diante da xurisdición ordinaria pola canle procesual establecida no artigo 40 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

5.- A sanción de suspender o socio nos seus dereitos só poderá ser imposta no suposto de que o socio estea ao descuberto das súas obrigas económicas coa cooperativa ou non participe nas actividades cooperativizadas nos termos establecidos nestes estatutos.

A suspensión dos dereitos ao socio, que finalizará no momento en que normalice a súa situación, non alcanzará ao dereito de información nin ao da asistencia á asemblea con voz pero sen voto, nin á remuneración do retorno ou dos xuros polas súas achegas ao capital social nin á actualización destas.

## **ARTIGO 14.- EXPULSIÓN**

1.- A sanción de expulsión só poderá ser acordada por falta moi grave tipificada nos estatutos sociais, mediante expediente instruído para o efecto e con audiencia previa do interesado, que formalizará as súas alegacións por escrito.

2.- Cando a causa de expulsión sexa encontrarse o socio en descuberto das súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición establecidos no apartado dous do artigo anterior, podendo acordarse a expulsión en calquera momento, agás que o socio regularice a súa situación durante a tramitación do expediente.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao establecido no artigo anterior, aínda que o acordo de expulsión será executivo desde que sexa notificada a súa ratificación pola Asemblea Xeral ou transcorra o prazo para recorrer perante o devandito órgano.

4.- O acordo de expulsión poderá ser impugnado pola canle procesual establecida no artigo 40 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## **ARTIGO 15.- SOCIOS A PROBA**

1.- A cooperativa poderá admitir socios a proba, por un prazo non superior na devandita condición a 12 meses desde a súa admisión.

A solicitude formalizarase polo interesado por escrito que se deberá dirixir ao Consello Reitor da Sociedade, quen deberá resolver de forma motivada dentro do prazo de dous meses contados desde o seguinte á recepción do escrito, con sinalización do prazo máximo en que o socio permanecerá na devandita condición, forma de terminación desta, así como indicación dos dereitos e obrigas que lle corresponden, e achega dunha copia dos estatutos sociais. Se o Consello Reitor non resolverse no prazo indicado, a solicitude entenderase denegada.

Contra o acordo denegatorio da solicitude, ou se o Consello Reitor non resolverse no prazo sinalado, non caberá recurso ningún.

2.- Transcorrido o prazo da situación a proba, e sen denuncia escrita previa da cooperativa ou do socio a proba, o socio será obrigado a desembolsar a achega obrigatoria para ser socio e, se é o caso, a cota de ingreso, nas condicións establecidas no artigo 8 destes estatutos, momento no cal adquirirá a condición de socio indefinido con todos os dereitos e obrigas inherentes a ela.

A achega obrigatoria e, se é o caso, a cota de ingreso, será a mesma tanto en cantidade coma forma, que se viña aplicando no momento do vencemento do prazo a proba.

Se vencido o prazo concedido na devandita condición, o socio a proba non desembolsase os devanditos conceptos no prazo de 15 días contados desde que a cooperativa lle requira para tal efecto, entenderase a todos os efectos que resolveu a súa relación coa cooperativa, sen posibilidade de recurso ningún diante dos órganos sociais desta.

3.- Os socios a proba teñen os mesmos dereitos e obrigas ca os demais socios, excepto:

- a) Non poden realizar achegas ao capital social, nin satisfacer ningunha cota.
- b) Poden resolver a relación de forma unilateral. A mesma facultade recoñéceselle ao Consello Reitor da cooperativa.
- c) Non responden das perdas sociais, nin perciben retorno cooperativo.
- d) Non poden ser electores nin elixibles para ocupar cargos nos órganos sociais.

4.- O total de socios a proba que exista en cada momento na cooperativa non poderá superar máis dun quinto do total de socios desta.

## **ARTIGO 16.- SOCIOS EXCEDENTES**

1.- O Consello Reitor da cooperativa poderá conceder a condición de socio excedente a aqueles socios que por causa xustificada deixen de selo, mediante solicitude dirixida ao devandito órgano social, que deberá resolver nun prazo máximo de dous meses. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa entenderase admitida a solicitude.

2.- En caso de ser admitido na condición de socio excedente, os devanditos socios non poderán solicitar o reembolso das súas achegas ao capital social até que causen baixa na cooperativa.

3.- Os socios excedentes rexeranse, ademais, polas normas establecidas no apartado 2 do artigo 28 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, que son as seguintes:

a) Teñen dereito a recibir o xuro pactado polas súas achegas ao capital social, ou o que acorde a Asemblea Xeral, e ao reembolso das súas achegas nas mesmas condicións e prazos que para o resto dos socios.

b) Non terán dereito ao retorno cooperativo, aínda que se poderán utilizar os servizos da cooperativa en canto resulte legalmente compatible coa súa condición persoal.

c) Non poderán formar parte do órgano de administración, intervención, comité de recursos, nin liquidadores, pero poderán participar na Asemblea Xeral, con voz e voto.

d) Non estarán obrigados a realizar novas achegas ao capital social.

4.- Se o socio excedente volvese reunir as condicións e os requisitos para ser socio activo, poderá solicitálo do Consello Reitor, quen autorizará de inmediato a recuperación da devandita condición con todos os dereitos e obrigas inherentes a ela.

## **ARTIGO 17.- SOCIOS COLABORADORES**

1.- Poderán ser socios da cooperativa, en calidade de socios colaboradores, aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que, sen poder realizar plenamente o obxecto social da cooperativa, poidan colaborar na súa consecución.

2.- A achega obrigatoria mínima para ser socio será de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) e a máxima a que acorde a Asemblea Xeral. Esta achega deberá desembolsarse na súa totalidade para adquirir a condición de socio.

3.- Os requisitos para adquirir a condición de socio serán os establecidos no artigo 7 e o artigo 8 destes estatutos.

4.- Os socios colaboradores da cooperativa teñen os seguintes dereitos:

- a) Ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais da Sociedade.
- b) Presentar propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais de que sexa membro.
- c) A recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- d) Á actualización e devolución das achegas ao capital social, así como a percibir, se é o caso, xuros por estas.
- e) Os socios colaboradores que achegaran exclusivamente capital, percibirán o xuro que se pacte no momento da súa admisión, sen que poida ser inferior ao que perciban os demais socios, nin superior en máis de seis puntos ao xuro legal do diñeiro.
- f) Ao dereito de información nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- g) A todos os demais dereitos establecidos nas leis, nestes estatutos sociais ou polos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

5.- Os socios colaboradores teñen as seguintes obrigas:

- a) Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e dos demais órganos para os que fose convocado.
- b) Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa agás autorización expresa do Consello Reitor.
- c) Gardar secreto sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa cuxa divulgación poida prexudicar os intereses desta.
- d) Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións establecidas nos presentes estatutos. Así como desembolsar as cotas de ingreso acordadas, se é o caso, pola Asemblea Xeral.
- e) Aceptar os cargos para os que fosen elixidos, agás xusta causa de escusa.
- f) Cumprir con calquera outro deber legal ou estatutario, así como cos acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

6.- O réxime de baixa será o establecido no artigo 12 destes estatutos.

7.- O conxunto destes socios, agás que sexan sociedades cooperativas, non poderá superar un terzo dos membros do Consello Reitor, sen que en ningún caso poidan desempeñar os cargos de presidente e vicepresidente deste.

8.- O número máximo de socios colaboradores non excederá dun terzo do total de socios da cooperativa.

9.- Tamén poderán ser socios colaboradores aquelas cooperativas coas que se subscriba un acordo de colaboración intercooperativo.

10.- Os socios colaboradores non poderán desenvolver actividades cooperativizadas en competencia coas que desenvolva a cooperativa.

MELISANTO

## CAPÍTULO III

### **DOS ÓRGANOS SOCIAIS**

#### **SECCIÓN I**

#### **DA ASEMBLEA XERAL**

#### **ARTIGO 18.- COMPOSICIÓN E CLASES**

1.- A Asemblea Xeral, como órgano supremo de expresión da vontade social, é a reunión dos socios constituída co obxecto de deliberar sobre a política xeral da cooperativa e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, en virtude da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia ou destes estatutos, sexan da súa competencia, vinculando as súas decisións adoptadas validamente a todos os membros da cooperativa.

2.- As asembleas xerais poden ser ordinarias ou extraordinarias.

3.- A Asemblea Xeral Ordinaria ten por obxecto principal examinar a xestión social, aprobar, se procede, o plan empresarial e as contas anuais e resolver sobre a proposta de distribución de excedentes ou a imputación de perdas, e poderase incluír na orde do día da súa convocatoria calquera outro asunto propio da súa competencia. Todas as demais asembleas terán o carácter de extraordinarias.

#### **ARTIGO 19.- COMPETENCIAS**

1.- Corresponde en exclusiva á Asemblea Xeral a adopción dos seguintes acordos:

- a) A aprobación do plan empresarial da cooperativa, presentado polo Consello Reitor, que será o responsable da súa xestión e execución.
- b) A aprobación e modificación do programa de actuación da organización de produtores.
- c) O nomeamento e revogación, mediante votación secreta, dos membros do

Consello Reitor, interventores e liquidadores, así como o exercicio da acción de responsabilidade contra eles.

d) O nomeamento e a revogación dos auditores de contas.

e) O exame da xestión social, a aprobación das contas anuais e a distribución de excedentes ou imputación de perdas.

f) O establecemento de novas achegas obrigatorias ou voluntarias, a fixación de intereses que lles puidesen corresponder, e a actualización destas.

g) A emisión de obrigas, títulos de participación ou outros tipos de participacións que se puidesen establecer ou de calquera outro título admitido en dereito.

h) A aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da cooperativa.

i) O establecemento ou modificación das cotas de ingreso e periódicas.

j) A constitución de cooperativas de segundo grao e doutras formas de participación económica, así como a adhesión ou separación delas.

k) A modificación dos estatutos.

l) A fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da Sociedade.

m) A creación de seccións e a aprobación e modificación, se é o caso, dos seus regulamentos de réxime interno.

n) A cesión ou alleamento da Sociedade ou de parte dela, ou calquera outra decisión que supoña unha modificación substancial da estrutura económica, social, organizativa ou funcional dela.

ñ) Todos os demais acordos en que así o estableza a lei ou os estatutos.

2.- A Asemblea Xeral poderá debater sobre cantos asuntos sexan de interese para a cooperativa, sempre que consten na orde do día, pero unicamente poderá adoptar acordos obrigatorios en materias ou asuntos que a Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia non considere competencia exclusiva doutros órganos sociais.

## **ARTIGO 20.- CONVOCATORIA**

1.- A Asemblea Xeral será convocada polo Consello Reitor, que fixará a orde do día da convocatoria.

Cando os interventores ou un número de socios, que represente o 5 por 100 ou alcance a

cifra de 100, propoñan por escrito dentro dos catro días seguintes ao da publicación da convocatoria asuntos para introducir na orde do día, deberán ser incluídos polo Consello Reitor facéndose público a nova orde do día cunha antelación mínima de catro días ao da celebración da asemblea, na forma establecida para a convocatoria.

2.- A Asemblea Xeral Ordinaria será convocada dentro dos seis primeiros meses seguintes á data de peche do exercicio económico. Se transcorre o devandito prazo sen que teña lugar a convocatoria, os interventores deberán e calquera socio poderá requirir de forma fidedigna ao Consello Reitor para que procedan a efectuala. Se o Consello Reitor non a convoca no prazo de 15 días contados desde a recepción do requirimento, os interventores ou calquera socio poderán solicitala do xuíz de Primeira Instancia do domicilio social da cooperativa, que deberá convocala designando a quen deba presidila. Neste caso producirase a destitución inmediata do Consello Reitor e procederase á súa nova elección.

3.- A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse en calquera momento por iniciativa propia do Consello Reitor, por petición dos interventores ou dos socios que representen como mínimo o 20 por 100 do total de votos sociais ou 100 socios, efectuada mediante requirimento fidedigno ao Consello Reitor, que deberá incluír a orde do día. Se a asemblea non fose convocada no prazo de 30 días, contados desde a recepción da solicitude, calquera socio poderá solicitar convocatoria xudicial conforme o previsto no apartado anterior.

## **ARTIGO 21.- FORMA DA CONVOCATORIA**

1.- A Asemblea Xeral convocarase mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da cooperativa e en cada un dos centros nos que desenvolva a súa actividade, así como por medio de carta ao domicilio do socio.

A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de 15 días no suposto de asembleas ordinarias e de 10 días no de extraordinarias, e cun máximo de dous meses á data de celebración da Asemblea Xeral.

2.- A convocatoria indicará cando menos, a data, hora e lugar de reunión, en primeira e segunda convocatoria, cuxo intervalo entre unha e outra será de media hora, e expresar con claridade, precisión e suficiente detalle os asuntos que compoñen a orde do día, así como a documentación relativa a ela, que se poderá examinar no domicilio social da cooperativa.

## **ARTIGO 22.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMIENTO**

1.- A Asemblea Xeral, agás que teña o carácter de universal, celebrarase na localidade onde radica o domicilio social da cooperativa.

2.- A asemblea quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes e representados a maioría dos votos sociais, e en segunda cando estean presentes e representados como mínimo o 10 por 100 dos votos ou 100 socios.

3.- Presidirá a Asemblea Xeral o presidente do Consello Reitor, e na súa ausencia o vicepresidente do mesmo órgano, e en defecto de ambos as dous quen elixa a Asemblea Xeral de entre os socios presentes.

4.- O secretario da Asemblea Xeral será quen exerza na devandita función no Consello Reitor, e no seu defecto quen acorde a asemblea de entre os socios presentes nesta.

5.- Cando na orde do día figuren asuntos que afecten directamente o presidente ou o secretario da Asemblea Xeral, esta estará obrigada a elixir de entre os socios presentes as persoas que o substitúan na devandita función.

6.- As votacións serán secretas nos supostos establecidos nos presentes estatutos ou na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, ademais de naqueles en que, a solicitude de calquera socio, o acorden mediante votación o 10 por 100 dos votos sociais presentes e representados na asemblea.

6.- Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, agás o de convocar unha nova Asemblea Xeral, prorrogar a sesión, destituír ou revogar a calquera membro dos órganos sociais, conforme o establecido no artigo 45, apartado 3, da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, e acordar o exercicio da acción de responsabilidade contra os membros do devandito órgano, así como solicitar auditoría externa da Sociedade.

7.- A Asemblea Xeral ou o Consello Reitor poderá autorizar a asistencia sen dereito a voto de persoas cuxa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da cooperativa.

8.- O Consello Reitor poderá requirir a presenza do notario para que levante acta da Asemblea Xeral, que terá o carácter de acta única desta, e estará obrigado a facelo sempre que, con cinco días de antelación ao previsto para a súa celebración, o soliciten como mínimo o 10 por 100 dos socios ou 100 votos sociais. Os honorarios serán por conta da cooperativa.

En todo caso, calquera socio poderá esixir a presenza do notario na asemblea para dar fe do que alí ocorra, e non terá outra eficacia que a derivada do propio instrumento público e os seus honorarios serán satisfeitos por quen requirise a súa presenza.

## **ARTIGO 23.- DEREITO DE VOTO**

1.- Cada socio terá un voto. En ningún caso existirá voto dirimente ou de calidade.

2.- O conxunto total dos votos dos socios excedentes, a proba e colaboradores, non poderá superar máis dun terzo dos votos sociais da cooperativa.

3.- Cando a asemblea delibere e acorde sobre expedientes disciplinarios, o socio afectado polo devandito expediente deberá absterse de votar, así como para o caso de conflito de intereses entre o socio e a cooperativa, dos relacionados no artigo 49 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

4.- O socio poderá facerse representar por outro socio, o seu cónxuxe ou ascendentes ou descendentes en primeiro grao con plena capacidade de obrar, mediante autorización a través de escrito autógrafo ou poder especial suscrito polo representado para cada asemblea; autorización que deberá ser verificada polos interventores da cooperativa.

Ningún socio poderá ostentar máis de dúas representacións, ademais da súa.

A representación conferida entenderase revogada se o socio representado asiste á Asemblea Xeral para a que concedeu a representación.

## **ARTIGO 24.- ADOPCIÓN DE ACORDOS**

1.- Os acordos, salvo nos supostos establecidos nestes estatutos ou na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, serán adoptados por máis da metade dos votos validamente expresados, non sendo computables para estes efectos nin os votos en branco nin as abstencións.

A mesma maioría se requirirá para acordar a imposición de novas achegas obrigatorias ao capital social e o establecemento ou modificación de cotas de ingreso ou periódicas.

2.- Requirirase a maioría de dous terzos dos votos presentes e representados para a adopción de acordos sobre modificación de estatutos, fusión, escisión, transformación, disolución e reactivación da Sociedade.

3.- Os acordos adoptados pola asemblea producirán os efectos que lle son propios desde o momento da súa adopción.

## **ARTIGO 25.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL**

1.- Os acordos da Asemblea Xeral que sexan contrarios á lei, que se opoñan a estes estatutos ou lesionen en beneficio dun a máis socios ou de terceiros os intereses da cooperativa, poderán ser impugnados segundo as normas establecidas no artigo 40 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

2.- Os membros do Consello Reitor e os interventores están obrigados a exercer as accións de impugnación contra os acordos sociais, cando sexan contrarios á lei ou se opoñan aos estatutos.

3.- Para o exercicio de accións de impugnación de acordos anulables están lexitimados os socios que asistiron á asemblea que fixesen constar en acta a súa oposición ao acordo adoptado ou o seu voto en contra deste, os socios ausentes e os que fosen de forma ilexítima privados de emitir o seu voto.

Para o exercicio de accións de impugnación de acordos nulos están lexitimados todos os socios e os terceiros que acrediten interese lexítimo.

4.- A acción de impugnación de acordos nulos caducará polo transcurso dun ano, desde a data de adopción do acordo ou desde a súa inscrición no rexistro de cooperativas. A acción de impugnación de acordos anulables caducará transcorrido un mes, desde a súa adopción ou inscrición.

## **SECCIÓN II**

### **DO CONSELLO REITOR**

#### **ARTIGO 26.- NATUREZA E COMPETENCIAS**

1.- O Consello Reitor é o órgano de goberno, xestión e representación da cooperativa, con suxeición á lei, aos estatutos e á política xeral fixada pola Asemblea Xeral, sen prexuízo do establecido a este respecto no artigo 31, apartado 2, da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, exercendo, ademais, todas aquelas facultades que non lle estean reservadas pola devandita lei ou polos estatutos a outro órgano social.

2.- O presidente da Cooperativa será o presidente do Consello Reitor, e terá a representación legal daquela, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta aos acordos da Asemblea Xeral ou do Consello Reitor.

3.- O Consello Reitor poderá nomear por maioría de dous terzos dos seus membros e de entre estes, un ou varios conselleiros delegados, persoas físicas, con facultades xerais referidas exclusivamente ao xiro e tráfico empresarial ordinario da cooperativa.

En ningún caso poderá ser obxecto de delegación a rendición de contas e a presentación do balance á Asemblea Xeral, así como aquelas outras facultades cuxo carácter de indelegables veña establecido polos estatutos ou pola Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

O nomeamento e cesamento, así como as facultades conferidas, constarán en escritura pública e deberán inscribirse no Rexistro de Cooperativas competente.

#### **ARTIGO 27.- COMPOSICIÓN**

1.- O Consello Reitor componse de dez membros titulares e dous suplentes, configurados como suplente primeiro e suplente segundo.

2.- Os cargos do Consello Reitor son:

Presidente, vicepresidente, secretario, vicesecretario, tesoureiro, vicesoureiro, vogal 1º, vogal 2º, vogal 3º e vogal 4º.

3.- No caso de que a cooperativa chegase a ter contratados a máis de 50 traballadores con contrato por tempo indefinido, deberán reservar un posto de vogal do Consello Reitor para un

deles, que será elixido e só poderá ser revogado polo Comité de Empresa ou, no seu defecto, polo colectivo de traballadores que representa. O período para o cal é elixido será o mesmo que para o resto dos membros do consello.

No caso de que durante o prazo de duración do seu mandato, o devandito cargo quedase vacante, este será cuberto polo Comité de Empresa ou polo colectivo de traballadores que representa, até o vencemento do mandato que lle restaba ao anterior

## **ARTIGO 28.- ELECCIÓN**

1.- O Consello Reitor e os suplentes serán elixidos pola Asemblea Xeral de entre os socios, en votación secreta, polo maior número de votos.

2.- Os cargos de presidente e vicepresidente serán elixidos pola Asemblea Xeral.

A distribución dos cargos restantes será realizada polo propio Consello Reitor, na primeira sesión que celebren, que necesariamente se celebrará nos primeiros sete días a contar desde a data de celebración da asemblea. Da dita determinación de cargos, darase publicidade ao resto de socios da cooperativa mediante publicación no taboleiro de anuncios da cooperativa e mediante remisión de carta ao domicilio que teñan designados nesta.

Se o elixido é unha persoa xurídica, esta deberá nomear a persoa física que, vinculada por calquera título a esta, a represente no cargo para o que fora designado para cada elección.

3.- O carácter de elixibles dos socios non estará condicionada á súa proclamación como candidatos, e se existisen candidaturas deberán admitirse as individuais, e as colectivas non poderán ter o carácter de pechadas.

## **ARTIGO 29.- DURACIÓN, CESAMENTO E VACANTES**

1.- Os membros do consello serán elixidos por un período de catro anos, renovándose por metade cada dous anos, podendo ser reelixidos. Na primeira renovación, aos dous anos, serán elixidos novamente o presidente, o tesoureiro, o vicesecretario e o 1º e 2º vogal. Na segunda renovación, o vicepresidente, o secretario, vicetesoureiro e o 3º e 4º vogal, e así sucesivamente.

2.- A renuncia dos conselleiros poderá ser aceptada polo Consello Reitor, así como pola Asemblea Xeral, aínda que o asunto non conste na orde do día. Tanto nun suposto como noutro deberá procederse no mesmo acto de aceptación da renuncia ao nomeamento dos seus substitutos, que será cuberto polo suplente I, e sucesivamente polo resto de suplentes por orde de numeración se existisen máis renuncias. O suplente ostentará e cubrirá o cargo vacante polo mesmo tempo que lle quedaba ao renunciante.

3.- A Asemblea Xeral poderá destituír dos seus cargos os membros do Consello Reitor en calquera momento, aínda que o asunto non conste na orde do día, por acordo de máis da metade dos votos totais da cooperativa. Se o asunto constase na orde do día, bastará o acordo favorable

da maioría dos votos presentes e representados.

4.- Vacante o cargo de presidente, substituirao nas súas funcións o vicepresidente até que teña lugar a Asemblea Xeral na que se cubra o devandito cargo.

5.- No non establecido neste artigo, resultará de aplicación o disposto no artigo 45 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## **ARTIGO 30.- FUNCIONAMENTO DO CONSELLO REITOR**

1.- A reunión do Consello Reitor deberá ser convocada polo presidente ou quen o substitúa, por iniciativa propia ou por petición de calquera conselleiro. Se a solicitude non fose atendida no prazo de 10 días poderá ser convocada por quen fixese a petición, sempre que logre para a súa convocatoria a adhesión como mínimo dun terzo do consello.

Poderá convocarse á reunión, sen dereito a voto, o letrado asesor e os técnicos da Sociedade, así como outras persoas cuxa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da cooperativa.

2.- O consello quedará validamente constituído cando concorran persoalmente á reunión máis da metade dos seus compoñentes. Os conselleiros non se poden facer representar.

3.- Os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados, salvo nos supostos establecidos na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia. Para acordar os asuntos que se deban incluír na orde do día da Asemblea Xeral será suficiente o voto favorable dun terzo dos membros que compoñen o consello.

Cada conselleiro terá un voto. O voto do presidente dirimirá os empates.

## **ARTIGO 31.- REMUNERACIÓN**

Os conselleiros poderán ser remunerados segundo estableza a Asemblea Xeral para cada exercicio económico. En todo caso, serán compensados dos gastos que lles orixine a súa función, agás os de asistencia ás asembleas xerais.

## **ARTIGO 32.- INCAPACIDADES E INCOMPATIBILIDADES**

1.- No réxime de incapacidades e incompatibilidades estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

2.- Son incompatibles entre si os cargos de membro do Consello Reitor. Non obstante non será incompatible cos seus ascendentes, descendentes e afíns, sen distinción de grao, e co cónxuxe.

## **ARTIGO 33.- RESPONSABILIDADE DOS MEMBROS DO CONSELLO REITOR**

1. Os membros do Consello Reitor actuarán coa dilixencia debida e con lealdade á representación e responsabilidade que ostentan. Responderán solidariamente fronte á cooperativa, os socios e terceiros do dano causado por actos contrarios á lei ou aos estatutos, e polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Estarán exentos de responsabilidade os conselleiros que salvasen expresamente o seu voto nos acordos que causasen dano, e os ausentes que fixesen constar a súa oposición mediante documento fidedigno dirixido ao Consello Reitor nos 30 días seguintes ao da adopción do devandito acordo.

Os conselleiros deberán gardar segredo sobre aqueles asuntos que teñan carácter confidencial, aínda despois de cesar nas súas funcións.

2.- Non exonerará de responsabilidade o feito de que o acto ou acordo lesivo fose adoptado, autorizado ou ratificado pola Asemblea Xeral.

## **ARTIGO 34.- ACCIÓNS DE RESPONSABILIDADE**

A acción de responsabilidade contra os membros do Consello Reitor poderá ser exercida pola cooperativa mediante acordo da Asemblea Xeral adoptado por máis da metade dos votos presentes e representados, aínda que o asunto non conste na orde do día.

Será de aplicación en todo o relacionado coa acción de responsabilidade o establecido no artigo 51 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## **ARTIGO 35.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS DO CONSELLO REITOR**

1.- Os acordos do Consello Reitor que sexan contrarios á lei ou aos estatutos, que vulneren os dereitos do socio ou que lesionen en beneficio dun a varios socios ou de terceiros os intereses da cooperativa, poderán ser impugnados.

Para os efectos da posibilidade de impugnación, os acordos dos conselleiros delegados, se existisen, entenderanse adoptados polo Consello Reitor.

2.- Están lexitimados para interpoñer as accións de impugnación de acordos anulables aqueles membros do Consello Reitor que fixesen constar en acta a súa oposición ao acordo, os ausentes que fixesen constar a súa oposición mediante documento fidedigno dirixido ao Consello Reitor nos 30 días seguintes ao da adopción do acordo, ademais dos interventores e dos socios que representen, como mínimo, o 10 por 100 dos votos sociais.

Para a impugnación de acordos nulos está lexitimado calquera socio, incluídos os membros do Consello que votaran a favor do acordo e os que se abstivesen.

3.- As accións de impugnación de acordos nulos e anulables deberán ser interpostas no prazo de dous meses contados desde que se tivese coñecemento do acordo, e sempre que non

transcorrese un ano desde a súa adopción.

4.- As accións de impugnación tramitaranse e producirán os efectos previstos conforme o establecido nestes estatutos para a impugnación de acordos da Asemblea Xeral.

### **SECCIÓN III**

## **DOS INTERVENTORES E AUDITORÍA EXTERNA**

### **ARTIGO 36.- NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN**

1.- A Asemblea Xeral elixirá de entre os socios, mediante votación secreta, polo maior número de votos, os interventores titulares e suplentes.

2.- O número de interventores titulares será de tres e un suplente, e a duración do seu mandato será de dous anos, podendo ser reelixidos.

A renuncia dos interventores poderá ser aceptada polo Consello Reitor, así como pola Asemblea Xeral, que o asunto non conste na orde do día. Tanto nun suposto coma noutro deberá procederse no mesmo acto de aceptación da renuncia ao nomeamento dos seus substitutos, que será cuberto polo suplente. O suplente ostentará e cubrirá o cargo vacante polo mesmo tempo que lle quedaba ao renunciante.

3.- Será de aplicación aos interventores as causas de incapacidade e incompatibilidade establecidas nos presentes estatutos e no artigo 48 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

4.- A responsabilidade dos interventores non terá o carácter de solidaria.

### **ARTIGO 37.- FUNCIONS DOS INTERVENTORES**

1.- Os interventores, ademais da censura de contas anuais, teñen todas as demais funcións que expresamente veñen establecidas na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia e, en particular, no seu artigo 54.

2.- Os interventores censurarán as contas anuais antes da súa presentación á Asemblea Xeral mediante informe emitido para o efecto, así como sobre a proposta de distribución de excedentes ou imputación de perdas. En caso de non conformidade poderá emitirse informe por separado.

Con este fin, no prazo mínimo dun mes anterior á data de celebración da Asemblea Xeral, o Consello Reitor poñerá á súa disposición as contas anuais e calquera documentación que os interventores lle soliciten para o mellor cumprimento da súa función fiscalizadora.

3.- Nos exercicios económicos nos que a cooperativa audite externamente as súas contas,

exímese os interventores da obrigatoriedade de emitir o seu informe de censura de contas anuais.

4.- Será nulo o acordo de aprobación de contas anuais pola Asemblea Xeral sen o informe previo dos interventores ou, se é o caso, do informe de auditoría externa.

5.- Os interventores deberán gardar segredo sobre os datos confidenciais aos que teñan acceso no exercicio da súa función interventora, salvo aqueles que faciliten a través das canles establecidas legal e estatutariamente.

## **ARTIGO 38.- AUDITORÍA EXTERNA**

1.- A cooperativa, ademais de estar obrigada a auditarse cando concorran os supostos establecidos na Lei de auditorías e as súas normas de desenvolvemento ou calquera outra norma legal aplicable, deberá facelo cando así o acorde a Asemblea Xeral ou o Consello Reitor.

Tamén estará obrigada a auditarse cando o soliciten por escrito o 15 por 100 dos socios da cooperativa. Neste suposto, os gastos orixinados como consecuencia da auditoría correrán por conta dos solicitantes excepto cando resulten dela vicios ou irregularidades esenciais na contabilidade auditada.

2.- Os auditores de contas serán designados pola Asemblea Xeral. Non obstante, cando a designación por este órgano social non se fixese oportunamente ou as persoas designadas non poidan cumprir as súas funcións, o Consello Reitor poderá proceder á devandita designación e dará conta dela na primeira asemblea que se celebre.

Non poderán auditar externamente as contas as persoas sinaladas no parágrafo cuarto do artigo 55 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

3.- Os auditores externos disporán, como mínimo, dun mes desde que as contas lles foran entregadas polo Consello Reitor, para formular o seu informe, que deberá conter como mínimo as mencións establecidas no artigo 55 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## CAPÍTULO IV

### **DO RÉXIME ECONÓMICO**

#### **ARTIGO 39.- CAPITAL SOCIAL**

1.- O capital social estará constituído polas achegas de natureza patrimonial realizadas polos socios, xa sexan obrigatorias ou voluntarias.

2.- As achegas acreditaranse mediante títulos nominativos non negociables, que reflectirán as que se realicen, as actualizacións destas, as deducións practicadas ao socio por imputación de perdas, e a parte de capital subscrito e non desembolsado.

3.- As achegas realizaranse en moeda de curso legal. Non obstante, poderán consistir en bens e dereitos susceptibles de valoración económica; aínda que neste caso o Consello Reitor fixará o seu valor, previo informe dun a varios expertos independentes designados polo devandito órgano social baixo a súa responsabilidade, tendo que dar conta diso aos interventores da cooperativa.

#### **ARTIGO 40.- CAPITAL SOCIAL MÍNIMO**

O capital social mínimo fíxase en SEIS MIL DEZ EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (6.010,12 €), que deberá estar totalmente desembolsado.

#### **ARTIGO 41.- ACHEGAS OBRIGATORIAS**

1.- A achega obrigatoria mínima para ser socio da cooperativa estará en función da clase de actividade realizada e en proporción ao compromiso ou uso potencial que cada un deles asuma da actividade cooperativizada, fixándose como segue:

a) Para os socios cuxa actividade cooperativizada consista exclusivamente na súa participación e integración na Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira, a contía será o resultado de multiplicar o importe de VINTE EUROS (20,00 €) polo número de Unidades de Gando Maior (UGM) que integran a explotación gandeira.

b) Para os restantes socios a contía da achega obrigatoria mínima ascenderá a CENTO CINCUENTA EUROS (150 €), á que se sumará, se é o caso, a que

corresponda por participar na Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira.

As achegas obrigatorias deberán desembolsarse totalmente no momento da subscrición, dando un tempo de trinta días naturais para facer o ingreso a partir da data do seu anuncio ao socio.

3.- A Asemblea Xeral poderá acordar a esixencia de novas achegas obrigatorias fixando a súa contía, os prazos e as condicións de desembolso. O socio que tivese desembolsadas achegas voluntarias poderá aplicarlas en todo ou parte a cubrir as novas achegas.

O socio non conforme coa ampliación obrigatoria do capital social poderá darse de baixa, que se deberá cualificar como xustificada.

4.- Se pola imputación de perdas da cooperativa aos socios, a achega ao capital social dalgún deles quedase por debaixo da mínima obrigatoria, o socio afectado deberá realizar a achega necesaria até alcanzar o dito mínimo, para o cal será requirido inmediatamente polo Consello Reitor, que fixará o prazo para efectuar o desembolso. O dito prazo non poderá ser inferior a dous meses.

5.- O socio que non desembolse as achegas nos prazos previstos incorrerá en mora polo mero vencemento do prazo, e deberá aboar á cooperativa co xuro legal que corresponda e resarcila dos danos e perdas causados pola morosidade, podendo ser tamén suspendido dos seus dereitos, a excepción dos dereitos de información, asistencia á asemblea con voz, remuneración do retorno dos xuros polas súas achegas ao capital social e a actualización destas, até que normalice a súa situación, e se non realiza o desembolso no prazo de dous meses desde que fose requirido para iso, poderá ser expulsado da Sociedade.

6.- A Asemblea Xeral Ordinaria fixará anualmente a contía da achega obrigatoria para adquirir a condición de socio e as condicións e prazos de desembolso.

O importe das achegas obrigatorias dos novos socios non poderán ser inferiores á mínima para ser socio, fixada nestes estatutos, nin superior ás efectuadas polos socios actuais, incrementadas na contía que resulte de aplicar o índice de prezos ao consumo.

7.- A Asemblea Xeral poderá acordar que as achegas obrigatorias ao capital social rendan un xuro na contía que esta estableza, que en ningún caso poderá ser superior ao do legal do diñeiro incrementado en tres puntos.

## **ARTIGO 42.- FONDO OPERATIVO**

1.- A Asemblea Xeral determinará as achegas financeiras para a constitución e aprovisionamento do Fondo Operativo, que deberán realizar os membros da Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH).

2.- O Fondo Operativo nutrirase das achegas financeiras efectivas dos membros da Organización de Produtores de Froitas e Hortaliza (OPFH), fixadas en función das cantidades ou

o valor das producións efectivamente comercializadas no mercado.

3.- O Fondo Operativo destinarase a financiar o programa operativo presentado pola Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH).

## **ARTIGO 43.- ACHEGAS VOLUNTARIAS**

1.- A Asemblea Xeral poderá acordar a admisión de achegas voluntarias ao capital social que vaian realizar os socios, fixando as condicións delas, sen exceder a retribución que se estableza, o xuro legal do diñeiro incrementado en 6 puntos.

2.- As achegas voluntarias deberán desembolsarse totalmente no momento da subscrición e terán o carácter de permanencia propio do capital social do que pasan a formar parte.

## **ARTIGO 44.- TRANSMISIÓN DAS ACHEGAS**

1.- As achegas poderán transmitirse por actos intervivos, previa notificación ao Consello Reitor, entre socios preferentemente e entre aqueles que reunindo os requisitos para ser socio se comprometan a selo nos tres meses seguintes, nos termos e requisitos formais fixados nos estatutos para adquirir a condición de socio. Neste suposto, se no mencionado prazo de tres meses non se adquire a condición de socio, a transmisión entenderase como non efectuada para os efectos internos da cooperativa.

2.- As achegas poderán transmitirse por sucesión mortis causa aos habentes-causa se fosen socios e así o soliciten ou, se non o fosen, previa admisión como tales, que se deberá solicitar no prazo de tres meses desde o falecemento, sen estar obrigados a desembolsar cota de ingreso.

Noutro caso, terán dereito á liquidación do crédito correspondente á achega social.

Se os herdeiros fosen varias persoas, a cooperativa poderá esixir que o dereito á condición de socio sexa exercido por un só, con expreso consentimento dos demais, e se non houberse acordo entre eles procederase ao aboamento da liquidación da achega social do causante a aqueles que acrediten ter dereito a ela.

3.- No caso de que o titular da explotación deixe de selo, poderá substituílo na súa condición de socio da cooperativa, subrogándose en todos os seus dereitos e obrigas contraídos por el coa cooperativa ou inherentes á súa participación en calidade de socio, sen necesidade de transmisión, o que o substitúa na devandita condición por calquera título admitido en dereito. En todo caso deberá cumprir o resto dos requisitos necesarios para adquirir a condición de socio, e ser admitido polo Consello Reitor.

## **ARTIGO 45.- REEMBOLSO DAS ACHEGAS**

1.- No caso de baixa do socio, este ou os seus dereito-habentes estarán facultados para

esixir o reembolso das achegas ao capital social que tivese o socio.

A liquidación das achegas farase segundo o balance de peche do exercicio no que se produza a baixa, podendo establecerse deducións só sobre as achegas obrigatorias, que non serán superiores ao 30 por 100 no caso de expulsión, nin do 20 por 100 no caso de baixa non xustificada. No caso de baixa xustificada non procederá dedución ningunha.

2.- Sen prexuízo das deducións anteriormente citadas, computaranse en todo caso, para os efectos do oportuno desconto da achega que se lle deba devolver ao socio que cause baixa, as perdas reflectidas no balance de peche do exercicio económico no que se produza a baixa, xa correspondan ao devandito exercicio ou proveñan doutros anteriores ou estean sen compensar.

3.- O prazo de reembolso non excederá de 5 anos a partir da data da baixa. En caso de falecemento do socio o reembolso deberá realizarse nun prazo non superior a un ano desde o feito causante.

As cantidades pendentes de reembolso non serán susceptibles de actualización, pero darán dereito a percibir o xuro legal do diñeiro incrementado, a partir do segundo ano, en dous puntos cada ano, acumulativamente.

## **ARTIGO 46.- FINANCIAMENTOS QUE NON INTEGRAN O CAPITAL SOCIAL**

1.- A Asemblea Xeral poderá establecer cotas de ingreso e/ou periódicas que non integrarán o capital social nin serán reintegrables.

2.- As cotas de ingreso non poderán ser superiores ao 50 por 100 da achega obrigatoria mínima ao capital social vixente en cada momento para adquirir a condición de socio.

## **ARTIGO 47.- DETERMINACIÓN DOS RESULTADOS DO EXERCICIO**

1.- Para a determinación do resultado do exercicio aplicaranse as normas e criterios establecidos no Código de Comercio e na normativa contable que resulte aplicable.

2.- Non obstante, consideraranse como gastos deducibles para a determinación do resultado do exercicio os establecidos no apartado segundo do artigo 66 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

3.- Os resultados obtidos de operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios figurarán na contabilidade por separado, e destinaranse nun 50 por 100 como mínimo ao Fondo de Reserva Obrigatorio e o resto segundo acorde a Asemblea Xeral.

4.- Os beneficios procedentes de plusvalías no alleamento de elementos do activo inmovilizado, ou os obtidos doutras fontes alleas aos fins específicos da cooperativa, así como os derivados de investimentos ou participacións en sociedades de natureza non cooperativa, destinaranse nun 50 por 100 como mínimo ao Fondo de Reserva Obrigatorio, un 25 por 100

como mínimo a dotación ao capital social, debidamente acreditado a cada socio en función da súa participación nas actividades cooperativizadas, e o resto segundo acorde a Asemblea Xeral.

## **ARTIGO 48.- DISTRIBUCIÓN DE EXCEDENTES NETOS. O RETORNO COOPERATIVO**

1.- Anualmente dos excedentes netos do exercicio económico destinaranse:

a) Ao Fondo de Reserva Obrigatorio e ao Fondo de Formación e Promoción unha contía global mínima do 30 por 100, destinándose un 5 por 100 como mínimo ao Fondo de Formación e Promoción e cando menos un 20 por 100 ao Fondo de Reserva Obrigatorio.

b) O resto estará á disposición da Asemblea Xeral que poderá distribuílo da forma seguinte: o retorno cooperativo aos socios, a dotación a fondos de reserva voluntarios de carácter repartible ou irrepertible, en todo ou parte, ou a incrementar os fondos sociais obrigatorios e á participación dos traballadores asalariados nos resultados da cooperativa.

2.- O retorno cooperativo é a parte do excedente dispoñible que a Asemblea Xeral acorde repartir entre os socios, que se acreditará a estes en proporción ás operacións, servizos ou actividades realizadas polo socio coa cooperativa, sen que en ningún caso se poida acreditar en función das achegas ao capital social.

## **ARTIGO 49.-FONDOS SOCIAIS OBRIGATORIOS**

1.- O Fondo de Reserva Obrigatorio, destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, é irrepertible entre os socios, e destinaranse a este necesariamente as partidas e dotacións establecidas no apartado I do artigo 68 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

2.- O Fondo de Formación e Promoción Cooperativa é irrepertible entre os socios, e destinarase, en aplicación das liñas básicas fixadas pola Asemblea Xeral, a actividades que cumpran algunha das finalidades establecidas no apartado segundo do artigo 68 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

Ao Fondo de Formación e Promoción Cooperativa destinaranse necesariamente as partidas e dotacións establecidas no mencionado apartado segundo do artigo 68 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## **ARTIGO 50.- IMPUTACIÓN DE PERDAS**

1.- Poderanse imputar as perdas a unha conta especial para a súa amortización con cargo a futuros resultados positivos dentro do prazo máximo de sete anos.

2.- Na compensación de perdas, a cooperativa suxeitarase á orde seguinte:

a) Ao Fondo de Reserva Obrigatorio.

b) Aos Fondos de Reserva Voluntarios.

c) A contía non compensada cos fondos anteriores imputarase aos socios en proporción ás operacións, servizos ou actividades realizadas por cada un deles coa cooperativa, sen que en ningún caso se poidan imputar en función das achegas ao capital social. As perdas imputadas ao socio satisfaranse dalgunha das formas seguintes:

1.- Directamente ou mediante deducións nas súas achegas ao capital social, dentro do exercicio seguinte a aquel en que se produzan.

2.- Con cargo a retornos que poidan corresponder ao socio dentro dos sete anos seguintes, como máximo. Se quedasen perdas sen compensar, deberán ser satisfeitas polo socio nun prazo máximo dun mes.

## **ARTIGO 5 1.- EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS**

1.- Anualmente e con referencia ao 31 do mes de decembro, quedará pechado o exercicio económico anual.

2.- O Consello Reitor está obrigado a formular no prazo máximo de 3 meses, contados a partir do peche do exercicio económico, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de distribución de excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación de perdas, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

## CAPÍTULO V

### **DOCUMENTACIÓN SOCIAL E CONTABILIDADE**

#### **ARTIGO 52.- DOCUMENTACIÓN SOCIAL**

1.- A cooperativa levará en orde e ao día os seguintes libros:

- a) Libro rexistro de socios
- b) Libro rexistro de achegas ao capital social.
- c) Libro de actas da Asemblea Xeral, do Consello Reitor, de informes de censura de contas e, cando corresponda, dos liquidadores.
- d) Libro de inventarios e balances e libro diario, conforme o contido disposto na normativa mercantil.
- e) Calquera outro libro esixido por outras disposicións legais.

2.- Todos os libros sociais e contables serán dilixenciados e legalizados, con carácter previo á súa utilización, polo rexistro de cooperativas competente.

3.- Os libros e demais documentos da cooperativa estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do Consello Reitor.

4.- Será válida a realización de asentos e anotacións por calquera procedemento idóneo, sobre follas que despois serán encadernadas correlativamente para formar os libros obrigatorios, que serán presentados ao Rexistro de Cooperativas competente para a súa legalización, antes do transcurso dos catro meses seguintes á data de peche do exercicio.

#### **ARTIGO 53.- CONTABILIDADE**

1.- As contas anuais da cooperativa comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.

2.- O Consello Reitor presentará para o seu depósito no Rexistro de Cooperativas

competente, dentro do prazo de dous meses contados desde a súa aprobación pola Asemblea Xeral, as contas anuais, o informe de xestión e o informe dos interventores ou, se é o caso, o informe de auditoría externa, así como certificación acreditativa do número de socios.

3.- A agrupación de produtores levará desde o seu nacemento unha contabilidade independente e separada, sen prexuízo da xeral da cooperativa.

4.- A Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) levará desde o seu nacemento unha contabilidade independente e separada, sen prexuízo da xeral da cooperativa.

MELISANTO

## CAPÍTULO VI

### **DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

#### **ARTIGO 54.- CAUSAS DE DISOLUCIÓN**

A cooperativa disolverase:

- a) Por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por maioría de dous terzos dos votos presentes e representados.
- b) Por cumprimento do termo fixado nos estatutos, salvo acordo expreso en contrario da asemblea xeral, adoptado coa maioría establecida na letra anterior, que se elevará a escritura pública e se inscribirá no rexistro de cooperativas.
- c) Por finalización e cumprimento da actividade empresarial, social ou económica que constituía o seu obxecto social, ou pola imposibilidade notoria e manifesta do seu cumprimento, ou paralización dos seus órganos sociais durante un ano, ou da actividade cooperativizada durante dous anos, de tal modo que imposibilite o seu funcionamento.
- d) Pola redución do capital social mínimo estatutario ou do número de socios necesarios para constituír a cooperativa da clase e grao de que se trate, sen que se restableza no prazo de seis meses.

No caso da redución do capital social mínimo estatutario, poderase evitar a causa de disolución, procedéndose á redución do capital social, por acordo da asemblea xeral adoptado pola maioría de dous terzos dos votos presentes e representados, sempre e cando o resultante sexa inferior ao mínimo legal.

- e) Por quebra da Sociedade, cando como resultado da interposición e resolución do devandito proceso concursal proceda á súa disolución.
- f) Pola fusión ou escisión da Sociedade cooperativa.
- g) Por calquera outra causa establecida na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

## **ARTIGO 55.- LIQUIDACIÓN**

Cumpridas as formalidades legais sobre disolución da cooperativa e aberto o proceso de liquidación, salvo nos casos de fusión ou escisión, designarase de entre os socios os liquidadores en número de tres, que serán elixidos pola Asemblea Xeral mediante votación secreta.

A liquidación e extinción da cooperativa axustarase ao disposto na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

MELISANTO